

## PASARELAS DE MONTFALCÓ E MOSTEIRO DE PEDRA

O día 16 de Marzo ás 7 da mañá (“cando aínda non estaban postas as estradas”), iniciábase unha ruta novidosa para a asociación PASADA DAS CABRAS.

Os aventureiros, quen mais quen menos, xa levabamos un tempinho cavilando nas nosas posibilidades de completala, xa que a parte central abarcaba o descenso das PASARELAS MONFALCO.

Estas dúbidas disipáronse antes da parada para o café de mediamañá, cando “O Presi”, moi apenado, anuncia que a ponte colgante está pechada por traballos de restauración. Ao tempo que mostra, coa eficacia que o caracteriza, as rutas alternativas.

A mediodía parada en Bilbao, ao mesmo lado do GUGGENHEIM. Día solleiro e 24 graos que nos permitiron desfrutar desta cidade que, duns anos a esta parte, sufriu unha fonda transformación paisaxística que incluíu a limpeza de edificios, saneamento da ría e creación de espazos verdes. ¡Bilbo quedou moi bonita!

Ademais, seguen mantendo a tradición dos famosos pintxos!!! Mmm, que ricos están!!! E por se isto fose pouco, os máis futeboleiros da expedición puideron desfrutar do ambiente previo ao partido entre o Athletic de Bilbao e o Atlético de Madrid, que ía ter lugar na Catedral do Fútbol.

Logo dunha merenda en Lodosa (e de comprobar que cada espárrago costa máis de 3 euros) xa non paramos ata Barbastro. Cea e a durmir, que o 17 é un día importante.

Ás 11 da mañá damos comezo á ruta do “Congost de Mont-Rebei”, un gran desfiladoiro en territorio virxe de 4 quilómetros, que segue un estreito camiño excavado na rocha seguindo o curso do río Noguera Ribagorzana, responsable deste último deste monumento natural.

O percorrido discorre íntegramente pola provincia de Lleida, alcanzando en algún punto os cincocentos metros de caída vertical. Ademais a paisaxe ten como atractivo a ponte colgante do “Barranco de Sant Jaume” que nos sostén por enriba dun vacío de 40 metros.

Aínda que hai quen se atreve a percorrelo en bicicleta, creo falar en nome de todos cando confeso que nos costou rematalo a pé. Innumerables subidas, baixadas e pedras soltas fixeron que moitos acabásemos co cú no chan.

Era tanta a concentración no camiño que non tivemos tempo a deternos a observar se andaba pola zona o quebrantahuesos, o boitre, a aguia real ou o gato montés...polo que haberá que voltar para comprobalo!!!.

Ao chegar á ponte que separa as provincias de Lleida e Huesca, pechada por reparación, os máis valentes volveron a pé ao punto de inicio. O resto retornamos

nunha embarcación seguindo o curso do río, apreciando o desfiladoiro dende outra perspectiva que, sen dúbida, paga a pena.

Logo dun reparador pic-nic, dirixímonos á vila aragonesa de Alquézar, considerado un dos pobos máis bonitos de España, punto de partida da Ruta das Pasarelas do Río Vero.

Son sete as pasarelas que nos facilitan o descenso ao río. As primeiras, de madeira, desembocan nunha espectacular pasarela metálica que discorre pegada á parede rochosa, dende a que se pode desfrutar dunhas impresionantes vistas do “Barranco de la fuente”, da cova de “Picamartillo” e da antiga centra hidroeléctrica de Alquézar.

Dende aquí, novo tramo de pasarelas que nos conducen ao miradoiro do Río Vero, dende o que se contemplan unhas bonitas vistas da vila.

Damos por rematado un día intenso e espectacular, felicitando a organización pola elección do plan B , que nos permitiu realizar o percorrido da tarde.

Collemos rumbo a Calatayud, donde pernoctamos para, ao día seguinte, facer unha tranquila visita polo “Monasterio de Piedra” en Nuévalos, donde o río Piedra se empeñou na construción dun impresionante monumento natural. Son fermosas as cascadas ( Baño de Diana, Caprichosa, Cola de caballo...), a Gruta Iris, o Lago del espejo....

Logo de recuperar forzas cuha comida a base de produtos de gastronomía local, pola tarde acudimos a unha visita guiada polo interior do edificio do mosteiro, cuxos milenarios muros albergan unha parte importante da historia do noso país.

Xa á noitiña facemos un percorrido por Calatayud, do que destacamos as curiosas casas inclinadas e con barriga. Paseamos por bonitas igrexias e adentrámonos nos barrios xudeu e mouro, pero non atopamos “á Dolores”.

O martes poñemos rumbo á nosa terra, con parada e fonda en León, donde ademais de facer turismo, podemos desfrutar duns viños no barrio húmido e un succulento xantar con produtos locais, que nos permite recuperar forzas e encarar con novos azos as nosas rutinas.

Ata a próxima viaxe!!!

M.ª Luisa Reinante López